

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA  
POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO  
O DÍA CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO: - - - - -**

=====

**PRESIDENTE:**

D. Telmo Martín González

**CONCELLEIROS/AS:**

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto Carlos Agís Balboa
- D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa

**INTERVENTOR:**

D. José-Juan Vidal Vilanova

**SECRETARIO :**

D. Angel Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas do día catro de abril de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

**1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.** O Sr. **Alcalde** xustificou a urxencia porque este era o derradeiro día para presentar as solicitudes de subvención na Deputación Provincial e a documentación non puido estar antes.

Ao non producirse intervencións o Sr. **Alcalde** someteu a ratificación da urxencia da convocatoria a votación, na que se deu o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia a ratificación da urxencia da convocatoria foi aprobada pola **maioría absoluta** dos membros de dereito da corporación.-----

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDES DE SUBVENCIONS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NO “PLAN CONCELLOS DE CARÁCTER PLURIANUAL (2018/2019), LIÑA 1”.** Polo Sr. **Secretario** dáse conta da proposta da alcaldía do 03 de abril de 2018 que a continuación se transcribe literamente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDES DE SUBVENCIONS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NO “PLAN CONCELLOS DE CARÁCTER PLURIANUAL (2018/2019), LIÑA 1”.**

No Plan Concellos da Deputación de Pontevedra se estableceu a posibilidade de que a financiación para determinados proxectos poida realizarse con cargo aos anos 2018 e 2019. Esta opción supón a necesidade de afrontar gastos plurianuais para os proxectos que se financien con cargo aos dous exercizos e o interventor xeral do concello, mediante informe de data 28 /03/18, respecto das actuacións con carácter plurianual, indicou que o pleno da corporación tiña que excepcional o reparto porcentual establecido no artigo 174.3 do RDL 2/2004, do 05 de marzo, é situalo nun 50% para 2018 e para o 2019, tendo en conta ademais que a Deputación esixe na documentación de solicitude a aprobación dos proxectos ou no caso de que non puidesen ser aprobados por non dispoñer de autorizacións sectoriais, á comunicación de que xa foron solicitadas é polo que, e con respecto ás actuacións con carácter plurianual 2018/2019 que se van a solicitar dentro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra adoptar o correspondente acordo de solicitude de subvención e da excepción que figura no informe da intervención municipal.

Ao mesmo tempo e con respecto aos proxectos do ano 2018, en punto distinto da sesión, se da conta ao Pleno da solicitude, cumprimentando o que a tal efecto dispoñen as bases do Plan Concellos para aquelas actuacións solicitadas pola alcaldía.

Á vista do anteriormente exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º): solicitar dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019** as subvencións que a continuación se detallan para as actuacións que tamén se citan, todas elas dentro da “Liña 1 Investimentos”:

**\*\*Informados das bases do plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018/2019** cuxo contido se coñece e se acepta na súa totalidade se adopta o seguinte acordo:

**A) "ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO".**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **185.320,11 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento "ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO".

**SEGUNDO:** aprobar o proxecto para o investimento "ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO" redactado polo arquitecto municipal.

**B) "ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE".**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **134.053,06 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento "ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE".

**SEGUNDO:** aprobar o proxecto para o investimento "ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE", redactado polo arquitecto municipal.

**C) "RENOVACIÓN FIRME VIAIS: CAMIÑO SALINAS (NOALLA) E CAMIÑO COSTIÑA (VILALONGA) A FONTE DE ONS".**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **131.766,24 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento "RENOVACIÓN FIRME VIAIS: CAMIÑO SALINAS (NOALLA) E CAMIÑO COSTIÑA (VILALONGA) A FONTE DE ONS".

**SEGUNDO:** previa aprobación do proxecto o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais á Axencia Galega de Infraestruturas, á consellería de Medio Ambiente, ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, ao Instituto de Estudos do Territorio- Plan de Ordenación do Litoral e Augas de Galicia.

**D) "INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERÍA ABASTECIMENTO AUGA".**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **193.390,51 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento "INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERÍA ABASTECIMENTO AUGA".

**SEGUNDO:** previa aprobación do proxecto o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais á Deputación Provincial de Pontevedra, ao Instituto de Estudos do Territorio- Plan de Ordenación do Litoral, Augas de Galicia e Consellería de Cultura e Educación.

**E) REFORMA INTEGRAL ZONA DEPORTIVA PARQUE MUNICIPAL ESPÍNEIRO (PORTONOVO).**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **126.000,000 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento "REFORMA INTEGRAL ZONA DEPORTIVA PARQUE MUNICIPAL ESPÍNEIRO (PORTONOVO)".

**SEGUNDO:** previa aprobación do proxecto o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais á Augas de Galicia e ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

**F) “SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARADAS AUTOBÚS”.**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **102.874,20 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento **“SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARADAS AUTOBÚS”.**

**SEGUNDO:** previa aprobación da memoria valorada o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais aos titulares das estradas, á Deputación Provincial de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

2º): de conformidade co sinalado no informe da intervención municipal de data 28/03/18, excepcionar o reparto porcentual establecido no artigo 174.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, para todas as actuacións que figuran no punto primeiro deste acordo, situando a porcentaxe tanto para o ano 2018 e 2019 nun 50%. ””

O Sr. **Secretario** indicou que como esta proposta non se debateu en comisión informativa, tiña que ser obxecto da ratificación a súa inclusión na orde do día.

Ao non se producir intervencións o Sr. Alcalde someteu a votación a ratificación da inclusión deste punto na orde do día, obténdose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, pola maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, quedou aprobada a ratificación de inclusión deste punto na orde do día.

A Sra. **Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que nas bases da convocatoria do Plan Concellos non quedaba claro o organo competente para realizar as solicitudes, lembrando que en anteriores anos os planes eran anuais e non plurianuais, como neste caso. A concelleira interviniente proseguiu dicindo que non estaban aprobados os orzamentos do ano 2019 e que, á vista do informe de intervención, era necesario traer ao pleno a solicitude das subvencións con carácter plurianual, enumerando a continuación as mesmas e rematando a súa intervención para sinalar que queda un resto do ano 2019, que se presentará posteriormente.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, en primeiro lugar indicoulle ao Sr. Alcalde que quería utilizar a primeira quenda para facer preguntas. O **Sr. Alcalde** especificou que a concelleira inquirente sabe perfectamente todo o referido ao Plan Concellos, mesmo fixo algunhas propostas de inclusión de actuacións e iste era un trámite, mesmo para as actuacións non plurianuais nin sequera era necesario acudir ao pleno, polo tanto, non ían contestar preguntas. A concelleira no uso da palabra aludiu a que no seu día presentou propostas no pleno, ningunha das cales foi recollida, engadindo que o goberno tivo tempo de sobra para saber se este asunto tiña que vir ao pleno ou non. En canto as actuacións a realizar, responden ao planteamento do PP de executar obras nas parroquias con mais poboación, lembrando que para Bordóns, Padriñán e Nantes non se recolle nada e para Noalla e Vilalonga tan só 65.000 euros para cada unha, co que non se trata a todos os veciños por igual, lamentando que non se recollese a súa proposta de adquisición do camiión para o servizo de emerxencias, que non se aprobou no pleno e días mais tarde estes servizos municipais non puideron acceder directamente a un incendio en Noalla, co que se perdeu tempo, engadindo que o goberno debería replantearse as súas prioridades.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, mostrou o seu acordo co comentado pola Sra. Rodríguez Búa sobre as formas, precisando que a el o chamou o Sr. Gonzalo Pita ás 09:30 horas da mañá de onte e achegouse ao concello as 14:00 horas, pero non puido ver os expedientes, o que consideraba que non eran maneiras de actuar. O interviniente indicou que votaría a favor da proposta porque eran actuacións necesarias, pero botaba en falta actuacións noutras parroquias que non forsen as mais poboadas do concello, como Portonovo, Sanxenxo e Vilalonga, concretamente en Dorrón non se actúa na Granxa de Abaixo nin se contempla a ruta dos muiños, preguntando porque non se facía nada diso e como fixo o goberno o reparto, aludindo que deberían escoitar á oposición e que él, nos orzamentos, que votou a favor, fixo propostas como a OMIX, a sala de ensaios e a ruta dos muiños, que agora non aparecen, tamén meteu moitas mocións que se aprobaron, como a referente a buscar un sitio para as caravanas e non se está a facer nada. O interviniente proseguiu indicando respecto de Dorrón, que había unha zona sen asfaltar en Barreiro, que non se tocaba, ao igual que o campo de fútbol e tamén citou a obra que levaba parada tres anos en Outeiro e non se acababa, rematando a súa alocución para dicir que se seguía investindo nas parroquias con máis xente e nada en Dorrón nin en Bordóns, o que era unha vergoña e preguntou a que se ían dedicar os 400.000 euros que quedan sen investir.

A **Sra González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, acusou ao bipartito de falta de información e de eficacia, lembrando que desde o día 03 de xaneiro de 2018 se coñecían as bases do Plan Concellos e que no goberno actual estaban os concelleiros de SAL, que xa tiñan experiencia neste tipo de tramitacións, incidindo na falta de transparencia e colaboración, ata o punto de que hoxe mesmo non pode facer fotocopias dos expedientes tal vez ata as 12:00 ou 13:00 horas do mediodía. En canto ás actuacións lamentou a non inclusión do paseo fluvial do río Dorrón, que puido haberse metido, porque estaban arranxadas o 90% das cesións, tamén preguntou as praias afectadas pola subministración dos aseos e incidiu en que non se fala nada da contratación de persoal, mostrando o seu decontento porque se lles priva de toda a información e lembrou que deste tema falou o alcalde na última comisión de urbanismo, pero como non se lle convoca ás comisións, a información de que ía vir este asunto ao pleno deulla o Sr. Alcalde o Venres Santo e despois non se lle facilitou ningunha información máis.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que na comisión informativa da semana pasado o Sr. Alcalde planteou a posibilidade de que este asunto tivese que vir ao pleno, aínda sen precisar con exactitude o motivo, xa que se trataba dunha cuestión interpretable. O interviniente proseguiu dicindo que daba por suposto que se trataba dunha cuestión formal e dun trámite que había que cumprir, pero a outra vertiente do asunto é que a convocatoria saiu ás tres da tarde de onte, cando pola tarde estaba pechado o concello e foi para celebrar un pleno o derradeiro día de presentación de solicitudes na Deputación, sen facilitar mais información, o que non é precisamente exemplo de xestión, cando tanto falaban diso anteriormente. Sobre as actuacións pareceulle curioso que proxectos que eran innegociables polo SAL no anterior goberno municipal, agora non se incluían, o que fala da debilidade numérica e política dese grupo político, por último engadiu que estaba seguro que neste momento había xente no concello que estaba a traballar nos proxectos e que numericamente, en anteriores plans de concellos, se presentaron mais actuacións.

A **Sra. Deza Martínez** sinalou que o goberno actual levaba 40 proxectos en 10 meses e que poden falar moito de proxectos, pero é agora cando son realidade, precisando que ata o último momento non se chegou a un punto de acordo sobre o órgano competente para a aprobación das solicitudes, pero os proxectos xa estaban rematados e nos mesmos non se traballou nin o día de hoxe nin o de onte, outra cousa distinta eran os informes de viabilidade, que non se terían que levar se se aprobasen pola alcaldía. Á Sra Gonzalez-Haba lembroulle que desde xaneiro tivo tempo para vir ao concello e informarse, engadindo que cando estaban na oposición nunca lles chamaron para este tipo de actuacións, non tiñan idea do que ían pedir, precisando que a única que presentou propostas foi a concelleira Sra. Rodríguez Búa e explicando, respecto da obra de Nantes, que non a incluíron porque antes tiña que estar rematada a primeira fase, o que non quere dicir que non se vaia a facer. A concelleira interviniente sinalou que o resto, de mais de 400.000 euros, se investiría no campo de fútbol de Dorrón, non incluíndose agora por unha problemática de terreos e, en canto á distribución por parroquias, especificou que as obras de abastecemento, saneamento e a dotación das marquesiñas afectan a todo o concello, destacando que, segundo un informe da concesionaria, para obras de abastecemento e saneamento é necesario un investimento de mais de 3.000.000 de euros, o que para este goberno é unha prioridade.

A **Sra. Rodríguez Búa** sinalou que non se lle dá información, nin se contesta ás preguntas que presenta, lembrando que ela se as fai na oposición, proseguindo a súa intervención para anunciar a súa abstención neste asunto pola falta de previsión, información e equidade no reparto.

O **Sr. Agís Balboa** dixo que avisar con tempo nunca está de mais e non se fixo así, cando o goberno actual, na oposición falaba de transparencia, sería bo que se fixese unha ou dúas reunións coa oposición. O interviniente indicou que non se inclúe actuación algunha en Os Cotos, cando el mesmo presentou un escrito ao respecto e segue a situación igual. Respecto do campo de fútbol está de acordo, porque é o único campo que non ten herba artificial e por iso non tiña equipo, sabendo que había unha problemática cos terreos para sacalo adiante, pero tamén hai outros problemas tan importantes en Dorrón como o campo de fútbol e que xa comentou en anteriores intervencións, para os que non se fai nada, parecendo que tan só se actúa nas parroquias donde hai mais veciños e mais votos, considerando que esta forma de actuar non era a correcta e lembrando, por último, que a el a convocatoria se lle notificou as 15:45 horas cando estaba pechado o concello e non puido obter información.

A **Sra. González-Haba Pérez** indicou que non se lle había facilitado absolutamente nada e nin sequera, segundo comentoulle o secretario, podía obter fotocopias ao rematar a sesión.

Neste momento interveu o **Sr. Secretario** para aclarar que lle indicou á Sra. González-Haba Pérez, a pregunta desta antes de comezar o pleno, que con inmediata posterioridade ao mesmo había que traballar cos expedientes para completar a documentación que se tiña que presentar hoxe na deputación polo que, ata a media mañá, non se lle poderían facer as fotocopias dos expedientes.

A **Sra. González-Haba Pérez** sinalou que tampouco lle facilitaron a documentación antes da sesión.

O **Sr. Otero Domínguez** reiterou que non era un exemplo de xestión o feito de que os expedientes non estivesen a disposición dos concelleiros antes do pleno e manifestouse en contra de considerar como xestión a política baseada en contactos persoais e, mesmo en amizade, para conseguir cousas, sendo esta a forma de actuar do PP e a que había antes na Deputación, o que agora cambiou cun plan como este, que se distribúe en razón de criterios de habitantes e superficie, co que se evita mendigar, estando seguro que, mesmo os concellos do PP da provincia de Pontevedra, están de acordo con esta forma de actuar. O interviniente por último aludiu a que estas actuacións, ao igual que outras que se podían incluír, partían de carencias que non se puideron cubrir antes pola existencia dun plan de axuste.

A **Sra. Deza Martínez** dixo que durante o goberno municipal anterior, tanto ela como o Sr. Guisasaola, viñan todas as semanas ao concello e non lles facilitaban información e mesmo lembrou á Sra. Rodríguez Búa que solicitaron copia do rexistro e non se lles deu e agora, a Sra. Rodríguez Búa, que o solicitou, se se lle facilitou, engadindo que naquela época, cando ía ao concello, o único que estaba era o Sr. Otero Domínguez, polo tanto, non poden dar lección algunha de transparencia. Ao Sr. Agís Balboa indicoulle que non fixo ningunha proposta para o plan concellos e, ao Sr. Otero Domínguez, con respecto da Deputación, lembroulle as boas relacións que agora tiña cos alcaldes de Pontevedra e Vigo, cando, ao seu xuízo, a institución provincial está para atender aos concellos pequenos e non ás grandes cidades, rematando a súa intervención para indicar que moitas das actuacións citadas polo Sr. Agís Balboa intentaríanse facer con fondos propios ou con subvencións doutros organismos.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que o grupo SAL non di amén a nada, como o demostrou ante a Deputación de Pontevedra e no que respecta ás actuacións dese organismo, recoméndalle ao Sr. Otero Domínguez que vexa porqué se lle denegou a este concello a solicitude de subvención presentada para o centro socio cultural de Vilalonga, programa no que tan só deixaron fóra dous concellos, un deles Sanxenxo. A continuación indicou que a selección das actuacións a incluír as decidían dentro do goberno e que as que non se puidesen realizar dentro do plan concellos, se intentarían facer con fondos propios.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**1º): solicitar dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 as subvencións que a continuación se detallan para as actuacións que tamén se citan, todas elas dentro da “Liña 1 Investimentos”:**

**\*\*Informados das bases do plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018/2019 cuxo contido se coñece e se acepta na súa totalidade se adopta o seguinte acordo:**

**A)“ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO”.**

**PRIMEIRO: solicitar unha subvención por importe de 185.320,11 euros con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento “ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO”.**

**SEGUNDO: aprobar o proxecto para o investimento “ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO” redactado polo arquitecto municipal.**

**B) “ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE”.**

**PRIMEIRO: solicitar unha subvención por importe de 134.053,06 euros con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento “ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE”.**

**SEGUNDO: aprobar o proxecto para o investimento “ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE”, redactado polo arquitecto municipal.**

**C) “RENOVACIÓN FIRME VIAIS: CAMIÑO SALINAS (NOALLA) E CAMIÑO COSTIÑA (VILALONGA) A FONTE DE ONS”.**



**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **131.766,24 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento “**RENOVACIÓN FIRME VIAIS: CAMIÑO SALINAS (NOALLA) E CAMIÑO COSTIÑA (VILALONGA) A FONTE DE ONS**”.

**SEGUNDO:** previa aprobación do proxecto o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais á Axencia Galega de Infraestruturas, á consellería de Medio Ambiente, ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, ao Instituto de Estudos do Territorio- Plan de Ordenación do Litoral e Augas de Galicia.

#### **D) “INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERÍA ABASTECIMENTO AUGA”.**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **193.390,51 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento “**INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERÍA ABASTECIMENTO AGUA**”.

**SEGUNDO:** previa aprobación do proxecto o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais á Deputación Provincial de Pontevedra, ao Instituto de Estudos do Territorio- Plan de Ordenación do Litoral, Augas de Galicia e Consellería de Cultura e Educación.

#### **E) REFORMA INTEGRAL ZONA DEPORTIVA PARQUE MUNICIPAL ESPIÑEIRO (PORTONOVO).**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **126.000,000 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento “**REFORMA INTEGRAL ZONA DEPORTIVA PARQUE MUNICIPAL ESPIÑEIRO (PORTONOVO)**”.

**SEGUNDO:** previa aprobación do proxecto o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais á Augas de Galicia e ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

#### **F) “SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARADAS AUTOBÚS”.**

**PRIMEIRO:** solicitar unha **subvención** por importe de **102.874,20 euros** con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019 con destino á realización e financiamento do investimento “**SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARADAS AUTOBÚS**”.

**SEGUNDO:** previa aprobación da memoria valorada o Concello de Sanxenxo solicitou autorizacións sectoriais aos titulares das estradas, á Deputación Provincial de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

2º): de conformidade co sinalado no informe da intervención municipal de data 28/03/18, excepcional o reparto porcentual establecido no artigo 174.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, para todas as actuacións que figuran no punto primeiro deste acordo, situando a porcentaxe tanto para o ano 2018 e 2019 nun 50%.””-----

**3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIONS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NO “PLAN CONCELLOS DA ANUALIDADE DE 2018, LIÑA 1”.** Polo Sr. Secretario dáse conta das solicitudes de subvencions solicitadas á Deputación Provincial de Pontevedra no “Plan Concellos” da anualidade de 2018, da Liña 1, seguintes:

<b>SUBMINISTROS</b>	<b>SUBV. SOLICITADA</b>
MODULOS MIXTOS SALVAMENTO-ASEOS PRAIAS MUNICIPIO.	132.132,00 €
SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN BOMBAS BOMBEOS AUGAS RESIDUAIS REVOLTA E ARNOSA.	33.272,58 €

<b>OBRAS</b>	<b>SUBV. SOLICITADA</b>
PROLONGACIÓN ABASTECIMIENTO REDE AUGAS BUEZAS (NANTES)-ALDARIZ (PADRIÑAN).	47.654,20 €
PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN ABAST. AUGAS VIAIS MUICIPAIS.	79.007,53 €
INSTALACIÓN REDE SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS LUGAR CANELAS (PORTONOVO).	54.639,46 €

**A Corporación deuse por enterada.**-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as dez horas e cinco minutos, de todo o que, eu secretario **dou fe:**